

EXPOSICIÓNS

A exposición 'Santiago proxectado, arquitecturas non construídas' recolle proxectos non executados na historia compostelá

O Consorcio de Santiago inaugurou o pasado día 14 a exposición 'Santiago proxectado, arquitecturas non construídas' que se poderá visitar na Casa do Cabido ata mediados do mes de febreiro.

Esta mostra pioneira reúne por primeira vez en Compostela e en Galicia unha serie de proxectos urbanísticos e arquitectónicos xestados ao longo da historia da cidade e que por diversas circunstancias non chegaron ao seu fin e permanecen no descoñecemento ou no esquecemento.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/exposicion-santiago-proxectado-arquitecturas-non-construidas-recolle-proxectos-non-executados>



PUBLICACIÓNS



O Consorcio de Santiago e a Editorial Galaxia presentan a novela 'Anatol e dous máis'

O Consorcio de Santiago e a Editorial Galaxia presentaron o día 2 no Museo do Pobo Galego o libro 'Anatol e dous máis', unha novela da escritora Blanca Riestra que forma parte da Biblioteca Literaria do Consorcio de Santiago.

'Anatol e dous máis' é unha reedición en lingua galega do primeiro libro de Blanca Riestra, 'Anatol y dos más', publicado en 1996, ópera prima de Riestra.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/unha-guia-recolle-gargolas-mais-singulares-dos-edificios-e-monumentos-historicos-de-santiago>



Un libro do Consorcio e a editorial Guiverny afonda nas sagas empresariais da cidade

O Consorcio de Santiago e a editorial Guiverny remataron o mes coa presentación do libro 'Sagas empresariais de Santiago' que coeditan entre ambos e que pertence á Biblioteca de Divulgación do Consorcio.

Esta publicación contén quince textos de nove autores distintos nos que en cada un deles fálase dunha dinastía empresarial compostelá. Estes textos están coordinados por Miguel Cabo Villaverde, catedrático de Historia na Universidade de Santiago, e Rafael García Ferreira, doutor en Historia Contemporánea na mesma institución.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/o-consorcio-de-santiago-e-editorial-guiverny-presentan-un-libro-que-afonda-nas-sagas>

O Consorcio difunde dous vídeos nos que o ourive compostelán Julio Lado explica os detalles do seu oficio

O Consorcio de Santiago fixo públicos na súa cante de Youtube dous vídeos realizados no último ano nos que o ourive compostelán Julio Lado explica como é o seu traballo e as súas ferramentas no obradoiro da Rúa do Vilar.

No primeiro dos vídeos, o xoiereiro realiza unha peza en prata na que vai relatando como son os pasos que vai dando no seu traballo artesá. Na outra peza audiovisual explica como é o nome das ferramentas que utiliza e para que serven, xa que a maioría delas foron feitas polos seus antepasados.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/o-consorcio-de-santiago-difunde-dous-videos-nos-que-o-ourive-compostelan-julio-lado-explica-os>



FORMACIÓN



O mestre ferreiro Santiago Martínez Otero puxo o punto e final ao Curso de Especialización en Xestión de Obras de Rehabilitación

A quinta edición do Curso Superior de Especialización en Xestión de Obras de Rehabilitación (CEGOR), organizado pola Fundación Laboral da Construción de Galicia en colaboración co Consorcio de Santiago, puxo o seu punto e final coa formación en forxa por parte de Santiago Martínez Otero, mestre ferreiro compostelán que no 2021 recibiu o premio Richard H. Driehaus das artes de construción polo seu labor na empresa Forxa Chago.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/o-mestre-ferreiro-santiago-martinez-otero-puxo-o-punto-e-final-ao-curso-de-especializacion-en>



David Chipperfield, premio Pritzker 2023, participou no programa ConCiencia

Santiago de Compostela acolleu o pasado mércores 8, en primicia no programa ConCiencia, a proxección da versión abreviada do documental do Premio Pritzker 2023 a David Chipperfield. O acto desenvolveuse no Centro Galego de Arte Contemporánea.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/david-chipperfield-premio-pritzker-2023-participou-no-programa-conciencia>

MÚSICA



A Real Filharmonía de Galicia realizará entre o 4 e o 7 de decembro o proceso de escolla de director/a asistente

A Real Filharmonía de Galicia escollerá entre os días 4 e 7 de decembro un novo director ou directora asistente para o ano 2024 nun proceso que estará aberto ao público e que rematará cun concerto o xoves 7 dirixido polos tres candidatos/as finalistas.

A selección comezará o luns, día 4, cos ensaios de oito persoas candidatas que foron escollidas entre as 111 de todo o mundo que se postularon a participar.

O concerto participativo Cantamos! porá o punto final ao 2023

O primeiro ano de Baldur Brönnimann á fronte da RFG finalizará cun concerto participativo con oito coros de toda Galicia o vindeiro 21 de decembro, onde o Orfeón Terra A Nosa será o coro de escenario. Este espectáculo estará dirixido por Javier Fajardo e levará por nome *Cantamos!*. Unha semana antes, ofrecerase o que será o derradeiro concerto de Maximino Zumalave coa orquestra, *Exsultate jubilate*. Nel tamén participará a soprano Carmen Buendía, gañadora do concurso de canto Compostela Lírica 2022.

Toda a información na web da RFG:

<http://www.rfgalicia.org>